

CONTRALUZ

- A acción do documental desenvólvese a golpes, a puñetazos que alteran constantemente os contidos secuenciais. Non existe "off" de ningún tipo ou calquer estrutura de narración convencional.

- O son ambiente está constantemente condicionado pola música que irrumpe sempre dunha maneira brusca, intensificando as sensacións de montaxe non-secuencial, tanto da violencia nas obras de teatro ou videoclips que se inclúen, como nas clases de autodefensa ou combates de boxeo.

- A presenza de elementos alleos ó documental como actores, obras de teatro, ballet ou video clips de grupos musicais, tentan un novo nexo entre o documental e a ficción que reforza a forza dramática da narración.

- Os interiores serven preferentemente para as declaracións "a contraluz" fronte a fiestras ou portas abertas de casas, comisarias, hospitales, casas de acollida... xinnasios. As intervencións están gravadas sempre en movemento con dúas cámaras en man ou "Steady-cam".

- En contraste, a mostra da cotidianeidade, que forma parte da estrutura cíclica do documental transmitírase sempre con planos fixos, largos e con son ambiente sin ningún tipo de música, describindo situacións de lugares, estancias e tempos vacíos. Sempre as mesmas cousas (cama, ventana, baño, roupa, cociña...) pero en diferentes sitios (casa, hospital, comisaria, carcel, casa de acollida, xinnasio...).

- A presenza da televisión é constante: considerada para uns como un elemento de consolidación de roles e conformadora da actual situación, e para outros como un factor de dinamización nas sociedades tercermundistas, no documental asume esta situación ambigua. O seu cometido é como un elemento máis que corta bruscamente a acción por unha banda para emitir videoclips contra a violencia de xénero e por outra, a contraria, para a emisión de telenovelas ou debates de telebasura con violencias verbais, como representantes máximos de consolidación dos actuais estereotipos. A súa irrupción e continua, repetitiva e obsesiva. A selección das imaxes abarca a todas as canles e se fai especial atención, mediante rótulos, as emisións en horario infantil protexido. Nunha secuencia onírica, no ring, unha das protagonistas, boxea contra un televisor de tubo e o acaba rompendo dun golpe. Posteriormente, acaba pegando os cachos e indo mercar unha de leds.

- O Ballet do Centro Coreográfico Galego inunda tamén os diversos escenarios que se contemplan na película: casa, hospital, comisaria, cárcere, casa de acollida, xinnasio, ring de boxeo. O seu papel é eminentemente estético, dando unha idea do dobre baile, tanto o das maltratadas nos cursos de auto-defensa, como da cantidade de elementos postos en xogo para axudalas e a súa coordinación. Esta sensación de Ballet se transmite tamén ó traveso das propias boxeadoras no ring.

- As películas familiares en Super/8 teñen unha presenza clave, irrumpindo nos recordos das protagonistas: boda, banquete, nacemento dos nenos, cumpleaños, festas familiares... serven tamén de contrapunto co simple sonido de un proxector.

estruturas

